

En busca do tesoiro

Vouvos contar unha historia. Gústanme as historias dende sempre. As historias de cabaleiros, as historias ficticias, as historias de aventura, as historias de amor... Cando contamos unha historia, estamos baleirando a nosa alma para encher outra. Pero sabedes o que aínda me gusta máis? Escribir historias.

Chámome Marco, teño catorce anos e vivo nos Peares. Para os que non saiban onde se atopan os Peares, dígolles que collan a súa familia e que se achegen na próxima fin de semana. Os Peares caracterízase por ser un lugar de unión. Aquí únense as augas dos ríos Miño e Sil; e tamén catro concellos de dúas provincias diferentes. Para mín, é a aldea máis fermosa de todas. Teno todo. O é todo.

Nos Pearen non vive moita xente. Coñecémonos todos. No verán énchese un pouco máis porque hai familias que voltan de Barcelona e pasan aquí as vacacións. Aínda así, teño o meu grupo de amigos: David e Daniel. David ten trece anos e encántalle ler cómics. Os de Astérix son os seus favoritos. Ten un tío que traballa nunha editorial e para o seu aniversario agasalláballe sempre un ou dous cómics. Está moi orgulloso da súa colección. Daniel ten doce anos e tenlle moito medo aos morcegos. Non esaxero. Cando cae a noite e aínda xogamos ao fútbol na praza, sempre pon a carapucha do xersei. Ponse nervioso e bótase a correr sen xeito.

O 13 de abril era o aniversario de David. Daniel máis eu queríamoslle facer un agasallo. E non un agasallo sen máis, un agasallo especial. Puxémonos deseguido de acordo. Íamoslle esconder os seus agasallos por diferentes lugares da Ribeira Sacra. Íamoslle preparar unha caza de tesouros! Ese mesmo día, levanteime moi cedo. Menos mal que cadraba domingo e o sol brillaba nun ceo azul. Tíñamos todo a favor. Collín a bicicleta e fun deixando os paquetiños e os enigmas. Chegou o momento e presentámoslle a David o plan. A súa cara era de felicidade. Démoslle o primeiro enigma *O primeiro lugar onde nos coñecemos atoparás o teu tesouro*. Daniel acordouse dese momento e foi dereito a el. Chegamos á tenda da Milagros e buscou. Lembrábase como se fora onte. Os pais de David vivían en León e mudáronse fai cinco anos. Un día, Laura, a nai de David, máis el achegáronse á tenda comprar un queixo. Eu tiña moitas ganas de beber un refresco. Ese día quentaba que nin o demo. Preguntáronme canto costaba o queixo. «De balde» contesteilles e boteime a rir. A Milagros xa non se ría tanto.

Mirou debaixo do banco do concello e atopou unha caixiña. Abriuna e viu un amuleto de ferro. Tiña forma redonda. Daniel máis eu sacamos o noso e xuntamos as tres pezas. Formaban un trisquel. «Unidos para sempre» dixen eu. David quedou sen fala. Era moi bonito. Ademais do amuleto, tamén contiña o segundo enigma *Na fonte mollaraste os pés*. David non entendía nada. Qué demos significaba iso? Unha fonte... Xa está! Tiña que ser a fonte da Ermita de San Bartolome. O derradeiro ano xogaron alí ao fútbol americano e Daniel caeu de cu na fonte. Empapouse ata as orellas e tamén lle caeu unha boa na casa. Collemos as bicicletas e fomas ata alí. Chegamos á fonte e buscou un anaco. Non atopaba nada. Daniel ríase da situación. Eu sabía onde se atopaba o enigma. De súpeto, David viu un brillo estrano na figuriña da fonte. Achégase máis e identifica un obxecto metálico. Cólleo. Son unhas chaves e un papel. Míranos atónito. Non entende nada. Estaba confuso. Era ese o agasallo? Le o papel *Con esta chave conseguirás o que sempre desexaste. O teu fogar*. Agora si que non entendía nada. Íalle a mente a cen por hora. O teo fogar, o teo fogar... Xa está! É a miña casa! Colleron as bicicletas e marcharon para a casa de David. Atopábanse algo afastados. O aire pegábaselles na cara. Qué fermosa era a Ribeira Sacra! As paisaxes, o río no fondo, as viñas, os mosteiros, esa cor, ese olor...

Chegamos á casa de David. Estábamos cansos, bastantes cansos. Abriu a porta e entramos. Tiña todo apagado. Parecía que non había ninguén. Onde están os seus pais? E a súa irmá Verónica? Qué raro...

De súpeto, saíron unhas dez persoas detrás do sofá. Recoñeceu a súa irmá. Levaba unha torta enorme nas máns. Os seus pais, a súa curmá Beatriz, os seus curmáns Leo e Anxo, os seus tíos Lois e Benito e a súa queridísima tía Carme. David tiña bágoas nos ollos. Sentíase moi afortunado de ter a súa familia. Pero non se percatara dunha cousa. A tía Carme levaba unha caixa grande nas máns. Semellaba ser pesada porque acercábase a David con dificultade. Levaba un cadeado. «A chave!» Dixo David. Sacou a chave do seu peto e intentou abrir a caixa. Tembrábanlle as máns, pero conseguiu abrir o cadeado. Abriu a caixa con rapidez e viu o interior. Non o podía crer. Era un cadeliño! Sempre desexaba ter un mastín. David botouse a chorar. Non lle importaba. Estaba emocionado e moi agradecido.

Puxémonos a comer. O resto do día, xogamos, cantamos, rimos... Qué importante é rir!

ALUMNA: REBECA VÁZQUEZ RODRÍGUEZ

CURSO: 3ºESO

COLEGIO: CPR MALVEDO